



2ª EDICIÓN!

introdución ao estudo de carnívoros

metodoloxías de mostraxe non invasivas

3 - 5 novembro 2016

Organiza



Colabora



► **destinatarios**

O curso está dirixido a profesionais do Medio así como estudantes e titulados en disciplinas afíns. Se ben, toda aquela persoa interesada na temática pode participar. Non son necesarios coñecementos previos.



► **obxectivos**

O curso “Introdución ao Estudo de Carnívoros: Metodoloxías de Mostraxe non invasivas” pretende dar a coñecer ás especies de carnívoros presentes en Galiza e o seu papel ecolóxico no medio, así como dotar aos alumnos e alumnas dunhas competencias básicas nas metodoloxías de mostraxe non invasiva, e na identificación dos rastros destes animais, de cara á súa aplicación en estudos científicos ou técnicos, tales como Estudos de Impacto Ambiental, Xestión de Especies, etc.

► **metodoloxía**

Os obxectivos do curso abordaranse dende unha perspectiva eminentemente práctica que inclúe a elaboración de trampas de pelo e pegadas, realización

de transectos de indicios, instalación de estacións de fototrampeo, e revisión de estacións de fototrampeo colocadas con anterioridade á realización do mesmo.

Estes contidos prácticos apóianse nunha exposición dos contidos teóricos do módulo que acheguen ao alumno aos conceptos relevantes, sendo o alumno quen toma un papel activo mediante o emprego das ferramentas, técnicas e equipos, aprendendo de primeira man o manexo das mesmas.



► módulos

Módulo 1. Introducción á ecoloxía dos carnívoros galegos

Este módulo ten por obxecto introducir aos participantes na ecoloxía dos mamíferos carnívoros, con especial interese na súa relevancia ecolóxica.

Durante o desenvolvemento do módulo daranse a coñecer as características das especies de carnívoros presentes na Galiza, as súas peculiaridades ecolóxicas e como afectan á súa bioloxía.

Módulo 2. Métodos non invasivos para o estudo de carnívoros

O obxectivo deste módulo é introducir aos participantes nos diferentes métodos non invasivos para o estudo de mamíferos carnívoros.

Deste xeito, efectuarase un repaso polos diversos métodos non invasivos que se empregan no estudo de carnívoros (fototrampeo, track plates, trampas de pelo, censo de indicios...) empregando casos prácticos.

► **horario**

O curso desenvolverase en 20 horas, distribuídas en sesións de 4 horas as tardes do xoves e o venres, e 12 horas durante o sábado.

	Xoves 3	Venres 4
16:00 - 17:50	Módulo 1: Introducción á ecoloxía dos carnívoros galegos	Módulo 2: Métodos non invasivos para o estudo de carnívoros
17:50 - 18:10	Descanso	Descanso
18:10 - 20:00	Obradoiro de identificación de rastros e pegadas	Obradoiro de fabricación de trampas de pelo e pegadas

	Sábado 5
9:00 - 14:00	Saída á Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: instalación de diversos tipos de trampas e estacións de fototrampeo. Realización de transectos de indicios
14:00 - 14:40	Comida
14:40 - 19:30	Realización de transectos de indicios. Revisión de estacións de fototrampeo e de pelo e pegadas
19:30 - 21:00	Revisión das citas obtidas polas diversas técnicas aplicadas, posta en común e avaliación das vantaxes e desvantaxes de cada técnica. Apuntes no deseño experimental para a caracterización e monitoraxe de fauna carnívora. Despedida do curso

► **lugar**

Castelo de Santa Cruz (Oleiros) e Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

► **equipo docente**

Xosé Pardavila, Adrián Lamosa

www.biolearn.org

► **certificado**

Unha vez superados os criterios de avaliación de cada un dos módulos, faise entrega dun certificado de aproveitamento outorgado polo CEIDA. Será preciso así mesmo asistir, polo menos, a un 80% das horas do curso.

► **inscrición**

Prezo: 95 €

As prazas son limitadas e se ocuparán por rigurosa orde de inscrición

► **máis información**

formacion@ceida.org - 981 630 618

